



A escola do século XXI dende a asesoría de Ciencias e Matemáticas





Despois de facer varios cursos de formación hai uns cantos puntos de consenso en todo o profesorado de cousas que habería que cambiar para mellorar o proceso de ensino- aprendizaxe na escola.

Estamos nun momento de cambios sociais e avances tecnolóxicos. A educación está a ter un novo marco europeo que teremos que definir entre todos. É o momento de pensar cara ónde queremos ir.

Hacia donde podíamos ir

- Para o desenvolvemento óptimo das clases, o mellor sería ter un aula de materia (laboratorio para física e química, taller para tecnoloxía, laboratorio de ciencias naturais e bioloxía e xeoloxía e aula-taller para matemáticas).
- En cada unha delas un encerado interactivo e un par de ordenadores con acceso a internet
- Mesas para traballo en pequenos grupos, bibliografía axeitada, e os materiais pertinentes para o desenvolvemento das clases

Nesta aula ideal sería factible facer unha práctica manipulativa, despois buscar información en internet e nos libros e por último resolver cuestións ou problemas relativos ao tema con traballo colaborativo, integrando todas as experiencias nun coñecemento máis global, que

Hacia donde podíamos ir

- Sería factible facer unha práctica manipulativa (*necesaria para a competencia de interacción co mundo físico*)
- Buscar información en internet e nos libros (*competencia lectora e dixital*)
- Resolver cuestións ou problemas relativos ao tema con traballo colaborativo (*competencia matemática, social e cidadá, iniciativa persoal*)
- Facer pequenos traballos de investigación e defendelos no grupo de clase (*competencia para aprender a aprender, iniciativa persoal, comunicación lingüística*)

Hacia donde podíamos ir

- o centro como tal precisa dunha organización que optimice o rendemento de persoas e recursos.
- Establecer horarios con criterios de aproveitamento de aulas e de posibilitar tempos de reunións de profesores (por etapa, por materia...) e de formación...

Hacia donde podíamos ir

- A formación debería deixar de ser voluntaria e **anárquica** (cada un fórmase no que lle parece ben, sen criterios que unifiquen e dirixan a formación)
- Despois dunha xornada de traballo e un desprazamento de bastantes quilómetros non está un nas mellores condicións para formarse
- Habería que estruturar a formación, de xeito máis racional, e pensando máis nas necesidades da comunidade educativa

Hacia donde podíamos ir

- Unha posibilidade podería ser deixar tres períodos lectivos seguidos nos horarios de cada profesor, que fosen susceptibles de utilizarse para reunións e formación alternativamente
- Así un profesor podería ir a unhas sesións de formación (incluso fora do propio centro), practicar na aula as técnicas aprendidas, e transmitirle o aprendido aos compañeiros nas seguintes reunións.

Hacia donde podíamos ir

- Deste xeito formando a un profesor, estaría redundando en todo o claustro.
- A formación perdería o carácter individual que agora ten
- Daría unha maior visión do Centro como unidade